

3.2. Cobertura social e financiamento

A ANÁLISE DA COBERTURA E FINANCIAMENTO DAS PRESTACIÓNS SOCIAIS DO ESTADO, FUNDAMENTALMENTE SE REFIRE ÁS PRESTACIÓNS ECONÓMICAS (estas son analizadas máis polo miúdo no punto **3.3.- Prestacións económicas**). Ao longo do ano 2004, as obrigas contraídas polas entidades xestoras e Tesorería General da Seguridade Social en Galicia ascenderon a 5.294,6 millóns de euros, en tanto que os dereitos recoñecidos netos realizados pola Tesorería General ascenderon a 3.839,1 millóns de euros.

No que atinxe á cobertura social da Comunidade Autónoma, a cantidade presupostada para as tres consellerías con competencias nestas materias (Sanidade; Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais; e Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado) foi de 3.109,8 millóns de euros, 380 miles de euros máis que en 2003. O seu peso relativo no total dos presupostos da Xunta sitúase no ano 2004 en torno ao 38,1% do gasto total.

Na análise da cobertura social da C.A., cómpre facer dúas matizacións: dunha banda, dada a variación da estrutura orgánica e de competencias das devanditas Consellerías, non é posible facer unha comparación entre os datos de 2003 e 2004. Doutra banda, o capítulo **3.4.- Prestacións sanitarias e sociais** recolle un estudio máis polo miúdo da cobertura social e sanitaria da Xunta.

FINANCIAMENTO E COBERTURA SOCIAL DO ESTADO

A afiliación á Seguridade Social no ano 2004, **cadro 2.1.3. (Traballadores en alta laboral 2003-04: distribución segundo réximes)**, experimentou un crecemento do 2,4% respecto ao ano anterior (23.185 afiliacións máis), para acadar as 970.308 persoas afiliadas. Atendendo á súa distribución por réximes, a meirande parte destas afiliacións corresponden ao grupo do réxime xeral, que acolle ao 70,8% do total de afiliacións (686.944 traballadores), seguido do réxime especial de autónomos cun 18,2% das mesmas (176.686 persoas).

Antes da análise máis polo miúdo dos dereitos recoñecidos e das obrigas contraídas pola Tesorería General, o **cadro 3.2.1.** reflicte a existencia dun diferencial teórico positivo no caso do réxime xeral e do réxime especial de traballadores autónomos (239.758 e 68.920 miles de euros, respectivamente), sendo negativo no resto dos réximes. Este saldo negativo acada os 1.182.247 miles de euros no caso do réxime especial agrario, ascendendo a 341.073 miles de euros no réxime especial de traballadores do mar, e os 124.103 no caso dos accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

Os dereitos recoñecidos netos realizados pola Tesorería General da Seguridade Social ao longo do 2004 en Galicia, **cadro 3.2.2.**, acadaron os 3.839,1 millóns de euros, dos que 3.791 millóns de euros corresponden ás cotizacións sociais. A provincia de A Coruña é a que rexistra uns maiores dereitos recoñecidos netos, con 1.640,6 millóns de euros, o que supón o 42,7% do total galego, seguida de Pontevedra, con 1.368,4 millóns de euros, o 35,6% do total. En Lugo

Obrigas contraídas e dereitos recoñecidos netos realizados pola Tesorería General de la Seguridad Social en Galicia 2004: distribución segundo reximes

	Dereitos recoñecidos	Obligacións contraídas	Diferencial
	(en miles de €)		
Réxime Xeral	2.759.367,9	2.519.610,3	239.758
Réxime especial de traballadores autónomos	490.915,1	421.995,1	68.920
Réxime especial agrario	90.586,1	1.272.833,4	-1.182.247
Réxime especial de traballadores do mar	86.603,1	427.676,2	-341.073
Réxime especial da minería do carbón	2.357,0	19.849,2	-17.492
Réxime especial de empregados de fogar	22.916,7	87.572,9	-64.656
Accidentes de traballo e enferm. profesionais	24.631,0	148.733,7	-124.103

Fonte: Tesorería General de la Seguridad Social

CADRO 3.2.1. ►

CADRO 3.2.2. ▼

Dereitos recoñecidos netos realizados pola Tesorería General de la Seguridad Social 2004

	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
	(en miles de €)				
Cotizacións sociais	3.791.034,7	1.623.256,4	432.488,2	383.405,2	1.351.884,9
Réxime Xeral	2.759.367,9	1.212.097,7	293.634,6	272.841,7	980.793,9
Réxime especial de traballadores autónomos	490.915,1	199.158,4	61.514,6	63.893,1	166.349,0
Réxime especial agrario	90.586,1	31.896,9	33.114,4	9.290,9	16.284,0
Réxime especial de traballadores do mar	86.603,1	25.365,8	8.363,0	3,1	52.871,2
Réxime especial da minería do carbón	2.357,0	2.094,8	104,3	61,6	96,2
Réxime especial de empregados de fogar	22.916,7	9.364,7	3.136,8	3.504,6	6.910,6
Accidentes de traballo e enferm. profesionais	24.631,0	9.918,0	3.140,0	2.692,1	8.880,8
Cotizacións de desempregados	313.657,8	133.360,0	29.480,5	31.118,1	119.699,2
Taxas e outros ingresos	45.801,6	16.108,8	9.334,6	4.260,6	16.097,7
Transferencias correntes	1.792,0	1.019,0	349,2	149,6	274,2
Ingresos patrimoniais	100,2	86,7	12,8	0,2	0,6
Enaxenación de investimentos reais	35,0	35,0	-	-	-
Activos financeiros	350,0	137,5	52,9	39,6	120,0
Totais	3.839.113,4	1.640.643,2	442.237,6	387.855,3	1.368.377,3

Fonte: Tesorería General de la Seguridad Social

e Ourense ascenden a 442,3 e 387,9 millóns de euros, respectivamente, o que significa o 11,5% e o 10,1% do total da comunidade.

Desagregando as cotizacións sociais segundo réxime de aplicación en Galicia, o devandito **cadro 3.2.2.** reflicte que as máis importantes son as do réxime xeral, con 2.759,4 millóns de euros (o 72,7% do total das cotizacións sociais), seguíndolle en importancia as do réxime especial de traballadores autónomos, con 490,9 millóns de euros (12,9%) e as cotizacións de desempregados, con 313,6 millóns de euros (8,3%).

O importe total das **obrigas contraídas** en Galicia polas entidades xestoras e Tesorería General de la Seguridad Social ascendeu a 5.294,6 millóns de euros, dos que 5.195,3 millóns de euros (o 98,1%) corresponden ás transferencias correntes. Por provincias, A Coruña é a que ten unhas maiores obrigas, con 2.035,4 millóns de euros, o 38,4% do total galego, seguido de Pontevedra con 1.702,7 millóns de euros (32,1%) e Lugo e Ourense con 825,3 (o 15,6%) e 731,1 millóns de euros (13,8%), respectivamente.

Centrándonos nas transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro, o **cadro 3.2.4.** reflicte que as máis importantes son as do réxime xeral e o agrario, con 2.519,6 e 1.272,8 millóns de euros, respectivamente, aínda que

Obrigas contraídas polas entidades xestoras e Tesorería General de la Seguridad Social 2004

	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
	(en miles de €)				
Gastos de persoal	77.787,5	31.183,1	10.904,5	8.499,9	27.200,0
Gastos correntes en bens e servizos	15.713,7	5.691,6	1.750,6	1.342,3	6.929,3
Gastos financeiros	84,0	23,4	14,2	13,6	32,8
Transferencias correntes	5.195.300,9	1.996.581,1	810.305,6	721.024,4	1.667.389,8
Pensións	4.856.548,6	1.855.736,3	772.812,5	689.064,4	1.538.935,4
Pensións de invalidez	576.630,4	228.869,6	73.459,7	77.615,0	196.686,1
Pensións de xubilación	3.317.461,7	1.239.884,1	562.397,9	487.598,2	1.027.581,5
Pensións de viudedade	869.958,3	349.619,9	125.744,5	111.192,4	283.401,5
Pensións de orfandade	69.773,5	28.818,8	8.629,3	8.226,2	24.099,2
Pensións a favor de familiares	22.724,7	8.544,0	2.581,1	4.432,5	7.167,2
Incapacidade temporal	194.619,1	71.909,6	22.708,1	19.124,0	80.877,4
Recargos por falta de medidas seguridade e hixiene	1.132,7	388,2	112,6	103,3	528,6
Prestación por maternidade e risco no embarazo	47.605,0	20.697,6	4.250,4	4.165,5	18.491,5
Prestacións familiares	65.992,6	26.610,2	9.128,4	7.380,0	22.874,0
Outras prestacións, indemnizacións e entregas	4.903,0	2.168,0	754,1	685,2	1.295,8
Prestacións sociais	24.471,7	19.043,2	539,4	502,0	4.387,2
Farmacia	0,1	-	0,1	-	-
Transferencias ó exterior	28,0	28,0	-	-	-
Inversións reais	5.264,8	1.764,1	2.310,8	197,1	992,8
Activos financeiros	347,4	131,5	54,2	45,7	115,9
Pasivos financeiros	61,1	61,1	-	-	-
Total	5.294.559,4	2.035.435,9	825.339,9	731.123,0	1.702.660,7

Fonte: Tesorería General de la Seguridad Social

o réxime especial agrario ten na provincia de Lugo unhas obrigas recoñecidas superiores ás do réxime xeral.

▲ CADRO 3.2.3.

O devandito **cadro 3.2.3.** reflicte que as pensións por xubilación son as que presentan un maior volume de obrigas recoñecidas, con 3.317,5 millóns de euros, seguidas das pensións de viuvez con 869,9 millóns de euros. No caso dos subsidios, os de incapacidade temporal son os máis importantes con 194,6 millóns de euros.

Na provincia de A Coruña as transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro acadan os 1.996,5 millóns de euros. Ao igual que no conxunto de Galicia, o réxime xeral é o que máis obrigas recoñecidas ten, con 1.064,5 millóns de euros (53,3% do total do gasto de A Coruña), seguido do réxime especial agrario con 383,8 millóns de euros (o 19,2%).

Segundo os datos referidos aos diferentes tipos de pensións e subsidios, as pensións de xubilación son as que xeran unhas maiores obrigas recoñecidas - ascenden a 1.239,9 millóns de euros-, seguidas das de viuvez (con 349,6 millóns de euros). No caso dos subsidios, as obrigas recoñecidas por incapacidade temporal ascenden a 71,9 millóns de euros.

En Lugo, as transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro ascenden a 810,3 millóns de euros, das que o 45,2% (366 millóns de euros) corresponden ao réxime especial agrario. As pensións de xubilación ascenden a 562,4 millóns de euros (o 51,3% corresponde ao réxime especial agrario), o que representa o 72,8% do total das pensións de Lugo.

En relación aos subsidios, os máis importantes son os de incapacidade temporal, que ascenden a 22,7 millóns de euros, o 61,4% do total dos subsidios na provincia de Lugo.

Na provincia de Ourense, as transferencias correntes a familias e institucións

CADRO 3.2.4. ►

Obrigas contraídas polas Entidades Xestoras e Tesorería General de la Seguridad Social en Galicia 2004: transferencias correntes a familias e instituci

	Xeral	Traballadores autónomos	Agrario	do Mar	Minería do Carbon	Empregados do Fogar	Acc. Traballo e Enf. Profesional
	(en miles de €)						
Pensións	2.356.729	388.155	1.256.106	407.409	19.810	82.845	142.543
Invalidez permanente	287.332	46.143	54.602	36.692	1.628	6.428	58.395
Xubilación	1.558.412	263.544	981.796	279.762	14.259	73.568	28.580
Viuvez	470.483	72.551	189.566	83.459	3.691	2.250	47.958
Orfandade	32.765	5.112	19.188	5.981	205	408	6.115
Favor de familiares	7.737	804	10.954	1.515	28	192	1.495
Subsidios	162.882	33.840	16.727	20.267	39	4.728	6.190
Incapacidade temporal por enfermidade ou accidente	119.071	30.020	16.167	19.763	38	4.338	5.222
Compensación por colab. de empresas	115.919	30.020	16.167	19.763	38	4.338	5.222
Recargos por falta de medidas de seguridade e hixiene	3.152	-	-	-	-	-	-
Maternidade	42.654	3.767	322	477	-	384	-
Subsidio temporal por maternidade	42.362	3.763	321	462	-	384	-
Subsidio temporal por risco no embarazo	292	4	1	15	-	-	-
Prestacións familiares	-	-	-	-	-	-	-
Fillo a cargo	-	-	-	-	-	-	-
Id. con discapacidade	-	-	-	-	-	-	-
Nacemento de fillo	-	-	-	-	-	-	-
Parto múltiple	-	-	-	-	-	-	-
Outras prestacións	1.157	53	238	27	1	5	968
Prestacións asumiibles pola Seguridade Social	-	-	-	-	-	-	-
Auxilio por defunción	153	43	180	27	1	5	2
Indemnización a tanto alzado	636	-	54	1	-	-	551
Por baremo	-	-	-	-	-	-	-
Entregas por desprazamento	-	-	-	-	-	-	-
Prestacións complementarias D. Transít. Ley 21/1986.S	-	-	-	-	-	-	-
Outras	367	11	4	-	-	-	415
Prestacións sociais	-	-	-	-	-	-	-
Famacia	-	-	-	-	-	-	-
Total	2.519.610	421.995	1.272.833	427.676	19.849	87.573	148.734

Fonte: Tesorería General de la Seguridad Social

Presuposto consolidado das Consellerías de Sanidade, Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado e Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais 2004: distribución económica

	Consellería de Sanidade		Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado		Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e RR.LL.	
	(en miles de €)	(% / total)	(en miles de €)	(% / total)	(en miles de €)	(% / total)
Total operacións correntes	2.406.451,1	94,1	107.319,2	77,5	396.219,8	95,6
Cap. I Persoal	1.072.614,0	41,9	38.774,8	28,0	90.462,2	21,8
Cap. II Gastos bens corr. e serv.	577.973,0	22,6	31.657,4	22,9	67.019,3	16,2
Cap. IV Transferencias correntes	755.864,1	29,6	36.887,0	26,6	238.738,3	57,6
Total operacións de capital	150.680,4	5,9	31.109,5	22,5	18.070,6	4,4
Cap. VI Investimentos reais	147.196,3	5,8	20.708,8	15,0	12.766,2	3,1
Cap. VII Transferencias de capital	2.609,0	0,1	10.400,7	7,5	5.304,4	1,3
Cap. VIII Activos financeiros	875,1	0,0	-	-	-	-
Transferencias internas	-	-	-	-	-	-
Total consolidado	2.557.131,5	100	138.428,7	100	414.290,4	100

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

sen fins de lucro no ano 2004 acadaron os 721 millóns de euros, das que un 45,6% corresponden ás obrigas recoñecidas do réxime xeral (328,5 millóns de euros) e un 35,4% ás do réxime especial agrario (255,2 millóns). As obrigas recoñecidas polas pensións de xubilación, con 487,6 millóns de euros, son as máis importantes, seguidas polas de viuvez, con 111,2 millóns de euros, mentres que no caso dos subsidios, as máis importantes son as de incapacidade temporal, con 19,1 millóns de euros.

▲ CADRO 3.2.5.

Finalmente, as transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro acadaron en Pontevedra os 1.667,4 millóns de euros. As obrigas recoñecidas do réxime xeral ascenderon a 838,4 millóns de euros (50,3% do total do gasto da provincia) e as do réxime especial agrario 267,8 millóns de euros (o 16,1%).

Segundo os datos referidos aos diferentes tipos de pensións e subsidios, as pensións de xubilación son as que xeran unhas maiores obrigas recoñecidas, ascendendo estas ós 1.027,6 millóns de euros, seguidas das de viuvez con 283,4 millóns de euros. No caso dos subsidios, as obrigas recoñecidas por incapacidade temporal ascenden a 80,9 millóns de euros.

A COBERTURA SOCIAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Os presupostos da Xunta dedican no ano 2004 o 38,1% do seu presuposto aos capítulos da Sanidade, Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais e a Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado. A cantidade dedicada foi de 3.109,8 millóns de euros, dos que 2.557,1 millóns de euros corresponden á Consellería de Sanidade e o Sergas; 414,3 millóns de euros, á Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais; e os restantes 138,4 millóns, á Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.

O **cadro 3.2.5.** reflicte a importancia relativa das operacións correntes no presuposto total das tres consellerías mencionadas. No ano 2004, as operacións correntes representan o 94,1% do total presupostado na Consellería de Sanidade (o 99,7% no ano 2003) e o 77,5% no caso das consellerías de Familia, e o 95,6% na Consellería de Asuntos Sociais, en tanto que as operacións de capital representan o 5,9%, o 22,5% e o 4,4%, respectivamente.

Presuposto consolidado da Consellería de Sanidade 2003-04: distribución dos créditos por programas

	2003	2004	04/03
	(en miles de €)		(%)
311 A Dirección e Servizos Xerais de Sanidade	55.823,8	60.286,0	8,0
312 A Atención especializada	1.351.654,4	1.462.266,5	8,2
313 A Protección e promoción da saúde	54.408,5	58.537,8	7,6
313 B Atención primaria de saúde	894.488,2	947.830,4	6,0
314 C Formación de graduados e posgraduados	25.052,4	28.033,0	11,9
441 A Elaboración e Difusión Estadística	177,8	177,8	-
Total	2.381.605,1	2.557.131,5	7,4

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

CADRO 3.2.6. ►

Presuposto consolidado da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado 2003-04: distribución dos créditos por programas

	2003	2004	04/03
	(en miles de €)		(%)
211 A Dirección e Sec. Xerais de Protección Social	20.893,1	19.710,9	-5,7
211 B Dirección e Sec. Xerais de Prestacións Sociais	16.746,3	17.179,7	2,6
212 A Pensións e prestacións asistenc.	24.093,7	25.793,2	7,1
212 B Centros para servizos sociais	19.672,7	22.079,1	12,2
212 D Pensións e prestacións en servizos sociais	5.570,8	7.081,3	27,1
212 F Plan do voluntariado	-	2.218,7	-
241 A Fomento de emprego	155.093,9	-	-100,0
241 B Fomento de emprego. FSE	35.997,8	-	-100,0
355 A Fomento da actividade deportiva	-	27.858,6	-
355 B Fomento de actividade xuvenil	15.843,6	16.095,9	1,6
441 A Elaboración e Difusión Estadística	404,8	411,4	1,6
Total	294.316,7	138.428,8	-53,0

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

CADRO 3.2.7. ►

Presuposto consolidado da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais 2003-04

	2003	2004	04/03
	(en miles de €)		(%)
211 A Dirección e servizos xerais de protección social	-	3.371,2	-
211 B Dirección e servizos xerais de prestacións sociais	60.863,7	64.107,6	5,3
212 A Pensións e prestacións asistenciais	39.449,8	42.075,8	6,7
212 B Centros para servizos sociais	50.800,8	61.358,5	20,8
212 D Pensións e prestacións en servizos sociais	20.719,5	25.166,1	21,5
214 A Administración das relacións laborais	-	6.702,7	-
214 B Seguridade e hixiene no traballo	-	7.345,8	-
241 A Fomento do emprego	-	168.042,5	-
241 B Fomento do emprego F.S.E.	-	36.012,2	-
441 A Elaboración e difusión estatística	42,1	107,8	156,1
Total	171.875,9	414.290,2	141,0

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

CADRO 3.2.8. ►

Atendendo á distribución dos créditos por programas, o **cadro 3.2.6.** amosa que os dous programas máis importantes na Consellería de Sanidade son os de atención especializada e atención primaria de saúde, que no ano 2004 acollen 2.410,1 millóns de euros (un 7,3% máis que en 2003), o que representa o 94,2% do total presupostado.

No caso da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, **cadro 3.2.7.**, hai que salienta-la importancia das partidas dedicadas en 2004 aos programas de fomento da actividade deportiva así como ás pensións e prestacións asistenciais, para as que ano 2004 dedícanse un total de 53,6 millóns de euros (o 38,7% do presupostado).

Finalmente, no orzamento da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, 168 millóns de euros corresponden a Fomento do emprego, sendo de 64,1 millóns de euros (5,3% máis) na Dirección e servizos xerais de prestacións sociais. Tal como reflicte o **cadro 3.2.8.**, cómpre salientar o incremento do 21,5% rexistrado no caso do programa de pensións e prestacións en servizos sociais. ■